

O pleno e comité executivo da Cámara de Comercio constitúen as seis comisións de traballo que xestionarán o labor cameral

Abordarán os campos da formación, medioambiente e enerxía, economía, comercio interior, comercio exterior e turismo

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2010.- **O Pleno e Comité Executivo da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela** reuniuse o pasado luns-19 de xullo para constituír as súas comisións de traballo, de carácter consultivo e de proposta. Terán como misión asesorar ao pleno, ao comité executivo e ao presidente sobre diversos temas da entidade cameral a través dunha serie de informes temporais.

As comisións realizarán informes e propostas de accións concretas nos seus correspondentes ámbitos, tamén propostas sobre disposicións normativas vixentes e informarán dos proxectos de lei en trámite. Así, o órgano cameral contará con seis comisións para os campos de **formación, medioambiente e enerxía, economía, comercio interior, comercio exterior e turismo**. Cada comisión de traballo estará formada por un presidente, vogais, un secretario e un técnico do personal da Cámara.

Unha vez redactados os informes das comisións entregaranse aos órganos de goberno da Cámara de Comercio encargados de adoptar os diferentes acordos. Ademais, as citadas comisións non poderán divulgar estes documentos sen previa autorización nin adquirir ningún compromiso financeiro sen a supervisión dos membros do comité executivo.